

O CAMIÑO PRIMITIVO DE SANTIAGO

INTRODUCCIÓN

Corría o século IX cando o califato de Córdoba (*Al-Andalus*) ocupaba a península Ibérica, agás as montañas do norte, onde foran organizándose pequenos reinos cristiáns, entre eles o reino de Asturias.

Mencionar aquí a figura de D. Pelaio, primeiro rei de Asturias que as crónicas, entre realidade histórica e lenda, asocian á resistencia contra a invasión musulmá. Pode que os feitos foran moito máis prosaicos e que esta parte da península non tivera verdadeiro interese para o imperio islámico. O que si é certo é que o do Val do Douro era unha zona pouco poboada que facía de liña defensiva entre os reinos cristiáns do norte e Al-Andalus. Sexa como for, o reino de Asturias consolídase como o máis importante.

No período histórico que nos ocupa -século IX- reina Alfonso II “el Casto”, bisneto de D. Pelaio, que continuou a política territorial expansiva de Alfonso I e, con novas integracións territoriais, ensanchou o reino astur gobernando, entre outros territorios, o reino de Galicia. Trasladou a corte de Cangas de Onís a Oviedo e embeleceu esta cidade, á que quería converter na nova Toledo, antiga capital do reino hispano-godo.

Alfonso II mantivo relacións diplomáticas con Carlomagno, monarca carolinxio, emperador dos francos, buscando nesta relación o apoio militar contra os musulmáns. Non sabemos se soñaba Alfonso II con vencer ao poderoso califato unindo as forzas dos reinos cristiáns ou era a igrexa de Roma a que temía que o Islam avanzase, ou as dúas cousas, pero moi oportunamente, semellando obra da divina providencia, aparecen no finisterrae europeo, cerca de Iria Flavia, os restos do que se consideraría o sepulcro de Santiago “el Mayor” (un dos catro grandes apóstolos).

A nova comenza a estenderse como a pólvora polos reinos cristiáns do norte da península e tamén por Europa orixinando unha corrente peregrinatoria que, co tempo, acabaría converténdose nun gran fenómeno de masas. Non se pode esquecer o contexto: isto acontece na Idade Media, a era dourada do fervor relixioso e das peregrinacións, moi particularmente durante o século IX, fenómeno ao que non é alleo o temor á chegada do ano 1000.

BREVE HISTORIA DO CAMIÑO

É o 1º camiño de peregrinación a Santiago. Esténdese desde a cidade de Oviedo ata Compostela, lugar onde o monarca Alfonso II, segundo di a lenda o primeiro peregrino que percorreu o camiño, mandara construír un modesto templo alí onde apareceron os restos do apóstolo, e promovera o establecemento dun mosteiro (Antealtares) para atender ao seu culto. O seu sucesor, Alfonso III “o Magno”, mandou edificar unha basílica máis grande a finais do século IX (destruída por Almanzor), que foi reconstruída a primeiros do século X en estilo prerrománico. No XI inícianse as obras da actual catedral. As dimensións do templo van en consonancia co aumento das peregrinacións pois, coa difusión da nova, empezan a chegar romeiros desde toda Europa e o camiño alongouse a carón do Cantábrico ata

chegar á fronteira con Francia (Irún).

Este tramo que seguían os peregrinos procedentes de Francia, de Irún a Oviedo, antes de enlazar co Camiño Primitivo, é o que hoxe se coñece como Camiño Norte. Ambos, Camiño Norte e Camiño Primitivo foron unha vía de peregrinación segura a Compostela lonxe do territorio de Al-Andalus.

Dende o século XI, o fluxo de peregrinos europeos por esta ruta empeza a minguar, porque o val do Duero, coa repoboación e a fractura do califato de Córdoba, era xa un lugar seguro, e empeza a cobrar importancia o Camiño Francés, unha ruta máis central, tanto para os romeiros europeos como para os dos reinos cristiáns peninsulares.

Non obstante o Camiño Primitivo segue sendo moi transitado polos peregrinos do norte e por aqueles que vindo polo Camiño Francés se desvían desde León a Oviedo para visitar El Salvador que alberga as reliquias da Cámara Santa (*espiñas da coroa de cristo, gotas do seu sangue, pedra do sepulcro, unha rama de oliveira que levaba Xesús cando entrou en Xerusalén e o Santo Sudario -pano co que segundo o Evanxeo de San Xoán se cubriu a cara despois de morto na crucifixión-; a igrexa católica considera que é a segunda reliquia máis importante despois da Saba Santa de Turín*). De aí os seguintes versos que se converteron nun verdadeiro mantra popular:

“Quen vai a Santiago e non ao Salvador, visita o criado e esquece o Señor”.

Pasada a Idade Media, as peregrinacións van decaendo e nos últimos séculos son xa moi escasas. O Camiño Primitivo, como os outros, vai quedando en desuso e caendo na desmemoria. O Camiño Francés empeza a recuperación nos anos 70, da man de **Elías Valiña**, o cura do Cebreiro, que o estudou, recoñeceu, sinalizou e difundiu coa axuda de particulares, asociacións e algunha institución. Por eses anos o Camiño Primitivo, seguía en total abandono e esquecemento. Empeza a súa recuperación, con moitos reticencias por parte das institucións galegas, en **1992** co Congreso organizado polo **Museo Comarcal da Fonsagrada**, coa colaboración de particulares, da asociación de **Amigos do Camiño Primitivo** e o inestimable traballo de **Ricardo Polín** que o estudou a fondo e o difundiu a pesar dos moitos atrancos. A veciñanza da Fonsagrada tamén tivo un papel fundamental na recuperación do camiño. Mobilizouse para rozar, sinalizar e promover o camiño e, durante anos celebrouse no Hospital de Montouto unha romaría no día de Santiago, amenizada polos gaiteiros da comarca á que acudía xente de toda a contorna e que contribuíu á súa difusión.

Hoxe mantén o seu percorrido desde a fronteira francesa ata Melide, onde conflúe co Camiño Francés. As motivacións para percorrer o Camiño foron cambiando ao longo do tempo. As relixiosas pasaron a ser minoritarias fronte a unha espiritualidade laica, un turismo alcanzable para moitas persoas, o desexo de vivir novas experiencias, etc. O Primitivo é hoxe un dos camiños de Santiago máis transitados e converteuse nun elemento de dinamización económica relevante para as aldeas e vilas (*especialmente naquelas zonas máis deprimidas e despoboadas*) polas que pasa.

Dende o ano **2015** é **Patrimonio da Humanidade**.



Veciñanza da Fonsagrada mobilizada pola recuperación do camiño primitivo

DESCRICIÓN DO CAMIÑO PRIMITIVO NA FONSGRADA

O camiño entra en Galicia por terras buronesas cunha forte subida cara a Pedras Apañadas, especialmente desde Bustelo del Camín, última aldea asturiana.

Case no límite astur-galaico estivo o **Hospital de Cuíñas** do que apenas quedan restos.

O alto de Pedras Apañadas, 1.181 m. é a maior altitude en terras galegas. Aquí pódense apreciar restos de explotacións auríferas romanas e, desde a cima, antes de medrar o monte, podíanse adiviñar outras, ademais de desfrutar dunha panorámica espectacular. Continúa coa baixada ata o Acevo, tristemente famoso porque foi aí onde os falanxistas da Fonsagrada mataron a 15 integrantes do **Batallón Galicia** que trataban de volver á súa terra ao quedaren illados tras a caída de Asturias en 1937 (*consultar: coplas do comandante Moreno na pestana de Historia e territorio*)

Segue o camiño polo alto dos montes ata Fonfría, nome que honra á auga da súa fonte. A igrexa parroquial é un edificio do século XIX, resultado da reconstrución, por encargo dun indiano, da vella igrexa da que queda o **arco triunfal románico**, o que nos fai pensar que a igrexa tamén tiña este estilo arquitectónico. Queda tamén algunha pedra, entre elas unha que ten gravada unha vieira e, quizais a vella pía bautismal, hoxe no cemiterio, gravada coa cruz de Malta da orde dos cabaleiros de San Xoán de Portomarín. Esta igrexa pertencía, como outras moitas desta comarca, á diocese de Oviedo. Aquí houbo **dous hospitais** de distinta época, hoxe transformados en casas particulares que manteñen o nome de hospital de riba e hospital de baixo.

O Camiño prosegue o seu percorrido por riba dos 900 m de altitude. Pasa por Barbeitos, e, tras unha pequena baixada, cruza Silvela, deixando á entrada desta aldea unha modorra. A carón do camiño está a capela, exteriormente de nova factura e, aínda que en miniatura, recorda un pouco a San Xoán de Portomarín.

De volta ao camiño, temos outro campo de modorras. Hai que dicir que gran parte do tramo fonsagradino do Camiño Primitivo está balizado delas. Dende O Acevo ata o desvío da estrada cara a Llencias, pero tamén o tramo de Xestoso ou o de Montouto presentan gran número destas construcións funerarias megalíticas.

Continúase a andar e chégase a Paradanova. Aquí o camiño bifúrcase: á esquerda o que vai á Fonsagrada que retomaremos máis tarde. O da dereita, arrinca cunha subida ata coroar o cume a carón dun serradoiro dos poucos que quedan hoxe. Dende aquí, hai unha magnífica panorámica: A un lado a conca do Navia (que deixamos), ao outro a do Eo. Unha forte baixada por esta ladeira lévanos ao fértil val de Burón, onde se asenta a Proba que foi capital do concello ata 1834.

A Proba é hoxe unha das aldeas máis grandes do concello e mantén **vestixios** que son memoria do seu poder no pasado: no arrabalde do lugar coñecido como Ferrería estivo o **hospital da Santísima Trindade**. O barrio do Chao, a vila actual, era o centro do rico val de Burón que está presidido pola **fortaleza dos Altamira** (*no pasado tivo 4 torres, hoxe só queda unha*). Ao seu carón, a **igrexia parroquial** con trazas románicas (*ábsida semicircular e canzorros*); **capela de S. Xosé** (*Barroca*); A **casa da Torre**, antiga casa do concello cando a vila era cabeceira municipal; a **fábrica de manteiga**; a **Casa do Escribán** (*hoxe de Paradiñas*). Aquí estaban os **hospitais de la Reina e o de Santiago**.

Saíndo da Proba, atópase **A Bastida** que foi parroquia, pero hoxe só queda **o cemiterio** pois os restos da súa igrexa románica foron trasladados á nova igrexa parroquial de Xestoso de Riba. Pertencía á encomenda de S. Xoán dos Cabaleiros da orde de Malta de Portomarín. Estaba dedicada a S. Miguel, un dos santos viarios máis queridos polos peregrinos. Algo mais arriba estaba o **hospital de S. Lázaro, lazareto** que pechou a mediados do século XIX. Este tramo do camiño no que se deixa atrás o val é de forte subida cara a serra do Muradal (*arredor dos 1000 m de altitude*).

Pásase por Xestoso de Riba (*antes de Palfito*), onde en tempos pasados se ofrecía aos forasteiros o servizo da Ferrería (*agora ruínosa*). Fronte a ela está a **capela de S. Lázaro**, vinculada a un **lazareto** desaparecido no século pasado. Séguese subindo pola lomba das modorras (*unha modorra a cada lado do camiño*) ata o Muradal que case iguala en altitude a Pedras Apañadas.

“Cando o Muradal ten capelo / os outros tesos teinlle medo/ menos Montouto/ que tamén ten outro”

Pasado o pico do Hospital (*máis de 1000 m*) preto do camiño hai **un menhir** que os pastores buroneses chamaban **Pedra Labrada**. A pedra anuncia a entrada ao Hospital vello de Montouto, datado no século XIV, do que case non quedan ruínas.

A subida continúa ata o **Real Hospital de Santiago de Montouto**, construído a finais do século XVII, pois o vello estaba en ruínas e precisábase un servizo para os peregrinos. Constaba de catro pezas cubertas de lousa e palla: 2 dormitorios, a cociña con outros 2 cuartos, a corte e unha pequena bodega. Tamén había unha capela coas imaxes de Santiago, S. Roque e S. Lourenzo. Na súa fachada estaba o **escudo de armas reais castelán-leonesas** (*hoxe atópase na parede dunha casa de Pedrouzos*). O conxunto estaba rodeado por unha gabia que servía de desaugue. A mediados do século XVIII tiña un aspecto ruinoso pois non se investiran no seu mantemento as rendas das que fora dotado. Foi reformado e mantívose habitado ata mediados do século XX.



Ruínas do hospital de Montouto

Na horta do hospital hai un **dolmen** coñecido como **Pedras Dereitas**, **Marco do Hospital** ou **Marco do Términos**, proba de que a Serra do Hospital, xa antes de ser lugar de paso e refuxio para os peregrinos, foi un santuario para o ser humano primitivo. Restos deste pasado antigo quedan na necrópole megalítica que orixinalmente estaba formada por catro mámoas. Só Seguen en pé as catro lousas verticais (ortostatos) do dolmen.



Aquí conflúen as vías que se separaran en Paradanova: a que pasa pola Proba, segundo parece, abandonada definitivamente no século XVIII e a que sobe cara á Fonsagrada.

Retomemos desde Paradanova a vía que sae á esquerda. Logo dun tramo en chan comeza unha forte subida, parte dela por unha congostra empedrada ata chegar á Fonsagrada, onde se entra a carón da fonte (*pódense consultar as lendas na pestana de cultura inmaterial, a fala*). Hoxe tamén hai unha variante que conecta coa estrada de Asturias debaixo do Instituto vello.

A Fonsagrada, asentada no cume dunha montaña, é a vila de maior altitude de Galicia ben representada por Forges, ilustre fillo de fonsagradino e fillo adoptivo da Fonsagrada, na serie de viñetas que publicou sobre a vila. Hoxe é cabeceira municipal e ofrece aos peregrinos bos servizos. A mediados da Idade Media, cando empezaron as peregrinacións a Santiago, A Fonsagrada era unha braña de gando, como moito, unha pequena aldea de pastores. O párroco, Ramón Rodríguez Mondelo, abriu na que fora casa reitoral o primeiro albergue do Camiño Primitivo en Galicia, nos anos 90 do século pasado.

Saímos da vila baixando cara a Padrón (*topónimo moi común nas vías romanas e nos camiños vellos*). En Santa Cruz, lugar onde se localiza actualmente o cemiterio de Padrón, histórica encrucillada, o Camiño de Oviedo (*o Primitivo*) crúzase perpendicularmente coa vía romana e posterior **Camiño Real** que ía de Ribadeo a Villafranca del Bierzo.

Segue o Camiño o seu percorrido por Vilardongo, pasa pola beira de Pedrafitelas e chega a Montouto. Pasada esta aldea, cóllese un desvío á dereita, en pendente, cos prados de Pedrouzos a ambos lados. Nun deles atópase a **Fonte do Hospital**, un pequeno pozo de pedra labrada cunha boca cadrada. Aquí hai que pararse de novo e gozar da paisaxe, unha extensa panorámica da conca do Navia cos Ancares ao fondo. Chegado ao Hospital, esta vía abraza novamente a que deixou en Paradanova. A cortina formada polos piñeiros entorpece as vistas cara á dereita, sobre a conca do Eo, espectaculares sen dúbida. É este un lugar para deterse, gozar e atesourar.

Retómase o Camiño baixando en forte pendente cara a **Paradavella** (*o topónimo composto indica probablemente un lugar onde facer un alto no camiño e descansar na pousada que aquí houbo*). É unha aldea con gran valor etnográfico: o **Mesón**, foi pousada de arrieiros que ían e viñan coas súas mercadorías. **A casa vella do Villar** -antigamente da familia Rois- fronte a igrexa, tiñan estanco e daban comidas. Os veciños máis vellos, din que alí paraban arrieiros e a tradición mantívose ata que en 2019 morreu a actual propietaria. O que actualmente é **Casa Mesón** é un restaurante na baixada do camiño Real cara o pobo.



A casa de Xanón, coa súa monumental entrada, antiga casa grande que, segundo a información dos veciños máis vellos e que corrobora o catastro de Ensenada, pertenceu á familia fidalga dos **Riveras**, aínda que recibe o nome actual por un caseiro que a habitou máis recentemente.

Cerca da igrexa hai a **palloza do Celeiro** que está asentada sobre a rocha, aínda que hoxe o teito xa non existe e está en franca ruína.

O médico **Manuel Rois de la Peña** foi un dos grandes benfeitores da Fonsagrada. Deixou a súa herdanza a causas sociais, entre elas a construción dun asilo de anciáns. Na horta que formou parte do legado da súa fundación, construíuse o colexio de Paradavella, hoxe pechado.

Á saída da aldea empeza a ascensión cara á serra da Lastra. Pásase pola fonte do Rego da Forxa que fornecía á ferrería, establecemento do que aínda quedan algúns ruínas, coñecidas como **A Forxa**. Con esta subida, o camiño deixa atrás as terras de Burón e adéntrase nas de Baleira.

BIBLIOGRAFÍA:

POLÍN, Ricardo: Guía histórica e cartográfica do Camiño Primitivo de Santiago na Fonsagrada. CAMÍN DE BURÓN. Dirección Xeral de Turismo; Xacobeo, D.L. 2006